

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

- 17604** *Orde HAC/1365/2018, do 12 de decembro, pola que se aproban as normas técnicas relativas á rastrexabilidade e ás medidas de seguridade dos produtos do tabaco, en desenvolvemento dos artigos 21 e 22 do Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e os produtos relacionados.*

O comercio ilícito de produtos do tabaco ten un enorme impacto sobre a saúde pública e o funcionamento do Estado. Contribúe ao incumprimento das disposicións de carácter sanitario sobre etiquetaxe, ingredientes e emisións, impide o control público dos operadores do mercado, facilita o seu consumo por menores, delibita os ingresos públicos e favorece o tráfico doutras substancias ilícitas e a extensión da delincuencia organizada.

Xunto ao esforzo levado a cabo polas autoridades competentes, desenvolvéronse varias iniciativas a nivel global, europeo e nacional de loita contra o comercio ilícito. O Convenio marco da Organización Mundial da Saúde para o control do tabaco do ano 2003, do cal España e a Unión Europea son parte, prevé unha serie de medidas que os Estados deberán adoptar para eliminar todas as formas de comercio ilícito. En desenvolvemento do Convenio marco, adoptouse na Conferencia das partes de 2012 o Protocolo para a eliminación do comercio ilícito de produtos de tabaco, un tratado internacional que establece diversos mecanismos para reforzar o control da cadea de subministración a través de licenzas e autorizacións, sistemas de seguimento e rastrexabilidade dos produtos, rexistros públicos de operadores e control das vendas.

Unha das principais medidas levadas a cabo na Unión Europea en aplicación do Convenio marco e do Protocolo foi a adopción do sistema de rastrexabilidade e de medidas de seguridade, co obxectivo de loitar contra o comercio ilícito de tabaco e garantir a seguridade dos consumidores e o cumprimento das disposicións de carácter sanitario, alfandagueiro e tributario. A Directiva 2014/40/UE, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de fabricación, presentación e venda dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados, prevé, no seu artigo 15, a implantación dun sistema que permitirá o seguimento e rastrexo de cada unidade dos produtos de tabaco en toda a Unión, que facilita o control de toda a cadea de subministración desde a fabricación ou importación ata a venda ao consumidor, pasando pola distribución e almacenaxe, o control das máquinas e instalacións utilizadas ou as rutas de envío, e impón obrigacións aos operadores e aos Estados membros. Xunto a este sistema de rastrexabilidade, establécese, no seu artigo 16, a obrigación de incorporar determinadas medidas de seguridade a todas as unidades de envasado, co obxectivo de garantir tamén a autenticidade dos produtos do tabaco.

A transposición da Directiva 2014/40/UE ao ordenamento español, no referente á rastrexabilidade e ás medidas de seguridade, realizouse a través do Real decreto lei 17/2017, do 17 de novembro, polo que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, para traspoñer a Directiva 2014/40/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, e o Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados. O Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, encomenda ao Ministerio de Facenda e Función Pública a rastrexabilidade e as medidas de seguridade dos produtos do tabaco, e atribúelle a competencia normativa, a través de orde ministerial, para ditar as normas de desenvolvemento e execución necesarias.

Mediante actos de execución, a través do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco, e a Decisión de execución (UE) 2018/576 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, sobre as normas técnicas das medidas de seguridade que se aplican aos produtos do tabaco, aprobáronse as disposicións técnicas necesarias para a implantación da rastrexabilidade e as medidas de seguridade.

Estes actos de execución establecen obrigacións para todos os operadores e son aplicables directamente en todos os seus elementos. Con todo, é necesario ditar normas técnicas de desenvolvemento e execución relativas á rastrexabilidade e ás medidas de seguridade dos produtos do tabaco para a súa adecuada aplicación en España.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación prevista nos artigos 21.13 e 22.2 do Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados. En consecuencia, apróbanse as normas técnicas relativas á rastrexabilidade e as medidas de seguridade dos produtos do tabaco.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as normas técnicas de desenvolvemento e execución relativas á rastrexabilidade e ás medidas de seguridade dos produtos do tabaco, de conformidade co previsto nos artigos 21 e 22 do Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados, e de acordo co Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco, e a Decisión de execución (UE) 2018/576 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, sobre as normas técnicas das medidas de seguridade que se aplican aos produtos do tabaco.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos da presente orde, aplicaranse as definicións que figuran no artigo 2 da Directiva 2014/40/UE, no artigo 2 do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco, e no artigo 2 da Decisión de execución (UE) 2018/576 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, sobre as normas técnicas das medidas de seguridade que se aplican aos produtos do tabaco.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. O capítulo II desta orde será de aplicación aos produtos do tabaco que se comercialicen ou se agreguen en calquera parte do territorio nacional, incluído o territorio peninsular, illas Balears, illas Canarias, Ceuta e Melilla, así como a aqueles produtos do tabaco que se fabriquen en España destinados á exportación.

O capítulo II da orde tamén será aplicable aos operadores económicos e operadores de primeiros establecementos retalistas que operen, polo menos, unha instalación no territorio nacional.

2. O capítulo III desta orde será de aplicación aos produtos do tabaco que se comercialicen en calquera parte do territorio nacional, incluído o territorio peninsular, illas Balears, illas Canarias, Ceuta e Melilla.

CAPÍTULO II

Rastrexabilidade dos produtos do tabaco*Artigo 4. Designación do emisor de identificación (ID).*

1. Designase a entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda como emisor de ID competente en todo o territorio nacional, de conformidade co previsto no artigo 3.1 do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco.

2. O Comisionado para o Mercado de Tabacos notificará á Comisión Europea a designación do emisor de ID e o seu código de identificación no prazo dun mes a partir da súa designación.

Así mesmo, o Comisionado para o Mercado de Tabacos garantirá que a identidade do emisor de ID designado e o seu código de identificación estean á disposición do público e sexan accesibles na páxina web do Ministerio de Facenda.

Artigo 5. Obrigacións do emisor de ID.

1. A entidade designada como emisor de ID deberá garantir o cumprimento de todos os requisitos, condicións e obrigacións que para tales entidades se establecen no artigo 15 da Directiva 2014/40/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de fabricación, presentación e venda dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados e pola que se derroga a Directiva 2001/37/CE, así como aqueles establecidos nas súas disposicións de desenvolvemento e, en particular, os previstos no Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco, e o resto de normativa aplicable.

2. No caso de que a entidade designada como emisor de ID teña intención de recorrer a subcontratistas para a realización das súas funcións, deberá comunicar previamente ao Comisionado para o Mercado de Tabacos a identidade dos subcontratistas e acreditar suficientemente o cumprimento dos límites e requisitos exixidos pola normativa aplicable.

3. A entidade designada como emisor de ID deberá acreditar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos o cumprimento dos criterios de independencia e a ausencia de conflitos de interese previstos no artigo 35 do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Comisionado para o Mercado de Tabacos calquera posible ameaza ou intento de exercer unha influencia indebida que poida, real ou potencialmente, debilitar a súa independencia.

4. No caso de que a entidade designada como emisor de ID incumpra gravemente as súas obrigacións, logo de informe do Comisionado para o Mercado de Tabacos que acredite o dito incumprimento, a autoridade competente poderá designar outra entidade que cumpra os requisitos e condicións previstos na normativa aplicable.

Artigo 6. Emisor de ID competente para a xeración e emisión de identificadores únicos dos produtos do tabaco fabricados na Unión.

De conformidade co disposto no artigo 4.1, parágrafo segundo, do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, todos os produtos do tabaco que se comercialicen en calquera parte do territorio nacional deberán contar co seu correspondente identificador único, emitido pola entidade designada como emisor de ID nesta orde.

Artigo 7. *Dispositivos contra a manipulación.*

1. De conformidade co previsto no artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, todo aquel que subministre e instale dispositivos contra a manipulación deberá presentar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos unha declaración responsable de que o dispositivo cumpre todos os requisitos previstos no regulamento de execución.

2. Os provedores de dispositivos contra a manipulación deberán acreditar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos o cumprimento dos criterios de independencia e a ausencia de conflitos de interese previstos no artigo 35 do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Comisionado para o Mercado de Tabacos calquera posible ameaza ou intento de exercer unha influencia indebida que poida, real ou potencialmente, debilitar a súa independencia.

Artigo 8. *Estrutura dos identificadores únicos.*

Nos casos en que os emisores de ID utilicen cifraxa ou compresión para a xeración de identificadores únicos a nivel das unidades, comunicarán ao Comisionado para o Mercado de Tabacos os algoritmos utilizados para este tipo de cifraxa e compresión.

Artigo 9. *Códigos identificadores para operadores, instalacións e máquinas.*

1. Os operadores económicos e os operadores dos primeiros establecementos retalistas deberán solicitar un «código identificador de operador económico» ao emisor de ID designado na presente orde cando operen, polo menos, unha instalación en calquera parte do territorio nacional.

2. De conformidade co previsto no Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, terá a consideración de operador económico toda persoa física ou xurídica que estea implicada no comercio de produtos do tabaco, incluído o destinado á exportación, desde o fabricante ata o último operador económico antes do primeiro establecemento retalista.

Entre outros, terán esta consideración os expendedores de tabaco e timbre do Estado cando exerzan calquera actividade comercial de produtos do tabaco distinta á súa posta á disposición do consumidor, incluídos a subministración ou o transporte dos produtos do tabaco a máquinas expendedoras utilizadas para a venda de produtos do tabaco autorizadas de conformidade coa normativa aplicable.

3. De acordo co establecido no Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, terán a consideración de primeiro establecemento retalista:

a) As expendedorías de tabaco e timbre do Estado, no exercicio da súa actividade de posta dos produtos do tabaco á disposición do consumidor.

b) As máquinas expendedoras utilizadas para a venda de produtos do tabaco autorizadas de conformidade coa normativa aplicable.

c) As tendas libres de impostos, definidas no artigo 4, número 31, da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, situadas no recinto dun porto ou dun aeroporto en territorio español peninsular ou nas illas Baleares.

d) Calquera outro que, de conformidade co previsto no Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, deba ter esta consideración.

4. Nos casos previstos nos números 2, segundo parágrafo, e 3.b) do presente artigo, os operadores económicos e os operadores de primeiros establecementos retalistas dispoñerán ata o 1 de outubro de 2019 para asegurar o pleno cumprimento das súas obrigacións.

5. As instalacións situadas en calquera parte do territorio nacional, desde a fabricación ata o primeiro establecemento retalista, estarán identificadas mediante un «código identificador de instalación» xerado polo emisor de ID.

6. As máquinas situadas en calquera parte do territorio nacional estarán identificadas mediante un «código identificador de máquina» xerado polo emisor de ID.

Artigo 10. *Desactivación de códigos identificadores para operadores, instalacións e máquinas.*

1. Se un operador económico ou un operador de primeiro establecemento retalista, por calquera causa prevista na Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, ou de conformidade con calquera outra disposición aplicable, perde ou ve suspendida a súa habilitación, concesión administrativa ou autorización, o emisor de ID deberá desactivar, por solicitude do operador ou logo de requirimento do Comisionado para o Mercado de Tabacos ou da autoridade competente, o «código identificador de operador económico».

Nestes supostos, o Comisionado para o Mercado de Tabacos ou a autoridade competente deberán informar o operador económico ou o operador dun primeiro establecemento retalista acerca da desactivación, xunto coas razóns para iso.

A desactivación dun código identificador de operador conducirá á desactivación automática dos códigos identificadores de instalación e de máquina correspondentes.

2. En casos debidamente xustificados, por solicitude do operador ou logo de requirimento do Comisionado para o Mercado de Tabacos ou da autoridade competente, o emisor de ID desactivará calquera «código identificador de instalación».

Nestes supostos, deberase informar o operador económico ou o operador dun primeiro establecemento retalista acerca da desactivación, xunto coas razóns para iso.

A desactivación dun código identificador de instalación conducirá á desactivación automática dos códigos identificadores de máquina correspondentes.

3. En casos debidamente xustificados, por solicitude do operador ou logo de requirimento do Comisionado para o Mercado de Tabacos ou da autoridade competente, o emisor de ID desactivará calquera «código identificador de máquina».

Nestes supostos, deberase informar o operador acerca da desactivación, xunto coas razóns para iso.

Artigo 11. *Designación do administrador nacional.*

1. Désígnase a Axencia Estatal de Administración Tributaria como administrador nacional para os efectos previstos no artigo 25.1.k) do Regulamento de execución (UE) 2018/574 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, relativo ás normas técnicas para o establecemento e o funcionamento dun sistema de rastrexabilidade para os produtos do tabaco.

2. O administrador nacional designado asegurarse de que o Comisionado para o Mercado de Tabacos e o resto de autoridades públicas que así o requiran contén con todos os accesos necesarios para o exercicio das súas funcións.

Artigo 12. *Presentación do informe anual de auditoría sobre o almacenamento de datos.*

O informe anual previsto no artigo 21.8 do Real decreto 579/2017, do 9 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos relativos á fabricación, presentación e comercialización dos produtos do tabaco e dos produtos relacionados, deberá ser presentado ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos.

CAPÍTULO III

Medidas de seguridade dos produtos do tabaco

Artigo 13. *Uso de marcas fiscais como medida de seguridade.*

1. Nas marcas fiscais de produtos do tabaco incluíranse todos os elementos de autenticación exixidos en España como medida de seguridade, nas condicións que

reglamentariamente determine o Ministerio de Facenda, en cumprimento dos requisitos da Decisión de execución (UE) 2018/576 e do artigo 16 da Directiva 2014/40/UE.

2. Os elementos de autenticación serán subministrados en todo o territorio nacional pola entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, como emisora de todas as marcas fiscais previstas na normativa reguladora dos gravames que especificamente recaen sobre os diversos produtos do tabaco.

Artigo 14. *Verificación da autenticidade dos produtos do tabaco.*

O Comisionado para o Mercado de Tabacos exixirá que os fabricantes e os importadores de produtos do tabaco situados no territorio nacional faciliten, logo de solicitude escrita, mostras dos produtos do tabaco comercializados en España. As mostras facilitaranse nun formato de unidade de envasado e incluírán a medida de seguridade con todos os elementos de autenticación exixibles en España.

Artigo 15. *Independencia dos provedores de elementos de autenticación.*

Logo de solicitude por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos, a entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, como provedor de elementos de autenticación, e os seus posibles subcontratistas deberán facilitar os documentos necesarios para avaliar o cumprimento dos criterios de independencia previstos no artigo 8 da Decisión de execución (UE) 2018/576.

Disposición adicional única. *Réxime especial da Comunidade Autónoma de Canarias.*

De acordo co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, a Comunidade Autónoma de Canarias manterá atribuídas as competencias de vixilancia, control e inspección sobre os fabricantes e comerciantes de tabaco das illas, sen prexuízo do establecido nas disposicións do dereito da Unión Europea e estatal que resulten de aplicación e das competencias que correspondan ao Estado.

Disposición transitoria. *Réxime transitorio.*

Os cigarros e picadura para lear que fosen fabricados na Unión Europea ou importados na Unión antes do 20 de maio de 2019, que non estean marcados mediante un identificado único (IU) a nivel das unidades de envasado, conforme o previsto no Regulamento de execución (UE) 2018/574, e non leven unha medida de seguridade, conforme o previsto na Decisión de execución (UE) 2018/576, poderán permanecer en libre práctica ata o 20 de maio de 2020.

Os produtos do tabaco distintos de cigarros e picadura para lear que fosen fabricados ou importados na Unión Europea antes do 20 de maio de 2024 que non estean marcados mediante un identificado único (IU) a nivel das unidades de envasado, conforme o previsto no Regulamento de execución (UE) 2018/574, e non leven unha medida de seguridade, conforme o previsto na Decisión de execución (UE) 2018/576, poderán permanecer en libre práctica ata o 20 de maio de 2026.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

No momento da entrada en vigor da presente orde quedarán derogadas todas as disposicións de igual ou menor rango que se opoñan ao disposto nela.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Non obstante, os capítulos II e III da presente orde aplicaranse aos cigarros e á picadura para lear a partir do 20 de maio de 2019 e aos produtos do tabaco distintos dos cigarros e da picadura para lear a partir do 20 de maio de 2024.

Madrid, 12 de decembro de 2018.–A ministra de Facenda, María Jesús Montero Cuadrado.